

Cronoloxía e variación das fórmulas patronímicas na Galicia altomedieval*

Ana Isabel Boullón Agrelo
Universidade de Santiago de Compostela

Na nosa tese de doutoramento (Boullón:1994) analizámo-lo sistema antroponímico en Galicia na alta Idade Media (ss. VIII-XIII). Imos referirnos neste estudio de maneira específica á variación das fórmulas antroponímicas neste período, baseándonos nas fontes non literarias correspondentes a distintos puntos de Galicia. En total manexamos 17.971 ocorrencias, contidas en 9.798 cadeas onomásticas, distribuídas nas 2.130 entradas do dicionario. Faremos un rápido bosquejo sobre as fórmulas de nominación persoal previas á Idade Media, para centrámonos de maneira concreta nas patronímicas, establecendo as variantes e vendo cáles foron as predominantes ó longo dos séculos.

1. OLLADA RETROSPECTIVA

Os testemuños que posuímos do período prerromano son escasos e proceden fundamentalmente das fontes epigráficas. Estas localízanse con maior abundancia nas rexións do centro, norte e oeste da Península Ibérica, dada a súa maior lentitude no proceso de romanización, e mostran o predominio da denominación simple. Coa incorporación de Hispania ó imperio romano, deuse en certa medida a substitución polo complexo sistema nominal dos *tria nomina*: *praenomen*, *nomen* e *cognomen*, cadea á que se lle podía engadir ocasionalmente un *agnomen* (ou alcume individual). O primeiro era o nome individual, o segundo o xentilicio, común a tódolos nomes da *gens* (incluíndo clientes e libertos) e o terceiro o que caracterizaba cada unha das familias que compuña a *gens* respectiva. Como

* Data de aceptación: novembro de 1995.

exemplo, sirva o nome completo do romano que encabezaba a campaña que estableceu o primeiro contacto cos *Callaici* ou *Gallaeci*: *Decimus Iunius Brutus Gallaicus*. Claro que a implantación deste complexo sistema non se deu en tódalas zonas da Península Ibérica de igual maneira: no noroeste, tardiamente romanizado, hai unha considerable escasez de *tria nomina*, que se testemuñan con máis profusión na zona tarraconense e bética¹.

A tendencia á simplificación deste complicado sistema de nominación é progresiva no conxunto do Imperio desde os primeiros séculos da nosa era: a decadencia do *praenomen* advírtese xa a partir do séc. I, e a do *nomen* no III. A principal causa da desaparición do nome de familia foi, segundo Kajanto (1987:65), a extensión da cidadanía a tódolos habitantes libres do mundo romano, o que ocorreu no ano 212 d.C., baixo o mandato do emperador Caracalla:

Il diritto di portare il *gentilicium* era nell'età classica il segno esteriore della cittadinanza, equivalente a *civis Romanus sum*. Ma dopo che tutti, con la eccezione degli schiavi, furono diventati cittadini, insieme alla cittadinanza, anche il *gentilicium* perse molto del suo vecchio prestigio socio-politico.

Desta maneira, coincidindo cos momentos finais do Imperio Romano e a consolidación das novas linguas romances (séc. IV ó VIII), o vello sistema do nome único, que nunca debeu desaparecer de todo, volvería a primar de forma absoluta. Aínda había tardar en incrementárselle o nome paterno. Neste proceso o cristianismo xogou un importante papel, xa que os cristiáns, que renunciaban ó seu vello nome para adquirir un distinto máis acorde coas súas novas crenzas, nun acto simbólico de adopción dunha nova vida, considerábanse membros dunha única familia: así vemos nomes rexistrados na epigrafía deste período acompañados do sintagma *famuli Christi* ou *Dei* (Cerrillo 1988:1663).

De tal maneira, á chegada dos visigodos xa son raras as nominacións múltiples. Ademais, e isto contribuíu tamén a arruina-la tradición romana, os propios xermanos contaban tamén cun nome único, que non creaba problemas de identificación, pois posuían unha gran facilidade, á diferenza dos romanos, para crearen novos nomes a partir dun nome simple, un derivado ou un composto de dous elementos. Un bo exemplo proporciúno a relación dos reis godos: dos 32 que houbo non se repiten máis ca dous nomes.

Así pois, nos comezos da Reconquista a nominación é simple. Este sistema considérase implantado ata tal punto que é criterio de falsidade a aparición dun nome múltiple nos documentos desta época, polo menos ata mediado o séc. X. Mentres o repertorio de nomes abundaba para individualizar e identifica-la persoa (alomenos nos actos administrativos), non se deu a crise que permitiu a aparición da dobre denominación.

¹ Na análise dos datos onomásticos realizados nas inscricións hispánicas entre o séc. I a. C. e o período altomedieval, concentradas nos últimos séculos do mundo romano, a porcentaxe de *tria nomina* é só do 24,74%; *nomen + cognomen*, 30,81%, e nome único, sexa *nomen* ou *cognomen*, 44,42% (Abascal 1994:27).

Pero a variedade onomástica foi reducíndose de forma cada vez máis rápida. Entre os factores que contribuíron a este proceso apúntase que coa perda das linguas indíxenas fora perdéndose tamén a capacidade de creación de nomes. Ademais, a escolla de nomes de bautismo vaise concentrando nun número progresivamente máis reducido de nomes de moda, que deben a súa proliferación moitas veces a un personaxe que se desexa imitar: un magnate, un heroe, un santo... (Kremer 1988:1588-1589). Adúcese, finalmente, razóns de tipo institucional e económico:

Fins aleshores no era gens corrent (fora de les familias sobiranes, on la tradició del nom quedava lligada amb els drets de la família) que el fill portés el mateix nom que el pare o l'avi. A partir del moment que els petits propietaris són establerts, per «charta» (document escrit), i volen transmetre llurs drets de propietat o d'altres ..., els interessats s'adonen de la facilitat que proporciona el fet que el mateix nom continuï constant en el pergamí que confirma llurs drets i els dels hereus. Aques podria ser una primera explicació de per què la fantasia nominadora del passat cedí el pas a una reconciliació prudent amba la tradició i amb la repetició dels noms (Moreu-Rey 1991:51).

Así, tras cada xeración, o continxente de nomes é menor. Para mais, esta redución coincide historicamente cun aumento da poboación. Como consecuencia, a proporción de persoas que levan o mesmo nome aumenta, e así, multiplícanse as posibilidades de confusión e dificultase a identificación das persoas. Isto leva irremediabilmente á necesidade de individualización das persoas mediante a adxunción dun segundo nome (un segundo nome que case todo o mundo posuía, fose un alcume ou unha forma hipocorística do seu nome), aínda non hereditario, que aparece nos documentos esporadicamente contra o final do séc. IX, convive coa denominación simple cun ritmo ascendente durante o séc. X, e é xa predominante a partir da segunda metade do XI, nun proceso común ó norte da Península Ibérica (Martínez Sopena 1995:398) e ó resto de Europa (Bourin 1989:234-235).

Este proceso pódese exemplificar nos documentos do noso corpus. Os máis antigos presentan a nominación única xeneralizada²; son nomes como *Adilani*, *Adileovo*, *Riquila*, no ano 785; *Abolus*, *Alivertus*, no 787; *Avolinu*, *Fonsino*, *Cakaril*, no 788. O comezo da dobre denominación dátase con seguridade desde o séc. IX. Os primeiros casos utilizan a fórmula *cognomento* para introduciren a seguir un hipocorístico ou un segundo nome³:

Isilo cognomento Sisina 9.803 TSobrado I 110

Uistragildus cognomento Gotinus 9.842 TSobrado I 65

Baroncellus cognomento Aluinus 9.860 TSobrado I 155

² Coa excepción de *Quiza Gonteriquiz*, na colección diplomática de Carboeiro, no ano 788. A aparición do patronímico romance nunha data tan temperá fixo erguer sospeitas sobre a autenticidade do documento; finalmente, Martínez Salazar (1901-1903:784-799) conclúe considerándoo unha copia do XII. De todas formas, a datación e a autenticidade deste documento segue suscitando o interese dos investigadores: véxase unha exposición do estado da cuestión en García Leal (1995:539-547), quen tamén pensa que é unha copia, como moi antiga do séc. X.

A aparición dos diferentes sistemas de filiación (xenitivo ou sufixos patronímicos) é algo máis tardío: dátase no séc. IX, aínda que é unha cuestión discutida. Brattö (1958:29-30) considera que os documentos dese século que conteñen patronímicos en -z son falsos ou mal copiados. Pidal e Tovar, sen embargo, aducen testemuños que consideran auténticos nun documento castelán do ano 824⁴; citan tamén documentos galegos do ano 837, e logo dos anos 883 e 889. Pola nosa parte, os exemplos que atopamos son posteriores á súa data máis antiga:

Didaco Fonsiniz 9.[854] TSamos 239
 Guterrus Osoriz comes 9.[854] TSamos 239
 Guterrus Menendi dux 9.[854] TSamos 239
 Froila Uigilaz 10.904(s.11) TSamos 442
 Froila Vimaraz almiger 10.904(s.11) TSamos 442
 Nepotianus Didaz 10.904(s.11) TSamos 442
 Veremudus Vigilaz 10.904(s.11) TSamos 442
 Vistrario Vimaraz 10.904(s.11) TSamos 442
 Froila Uimaraz 10.933 TSamos 97
 Sandino Sandiniz 10.[944] TSamos 127

E aínda se retrasa máis se nos limitamos a documentos orixinais:

Fofo Aldianiz 10.[954](or.) CDCarboeiro 247
 Kintila Argimundiz 10.[-961](or.) CDCarboeiro 253
 Pelagius Gundesaluiz 10.[-961](or.) CDCarboeiro 253
 Froyla Ariunfiz 10.975(or.) TSamos 141
 Froyla Eroniz 10.975(or.) TSamos 141

Outra posibilidade de dobre denominación é por medio da indicación de orixe, que aparece tamén neste séc. X:

Iulianus de Cancellata 10.[944] TSamos 126


³ Aebischer (1928:51) cita exemplos similares en Cataluña pero a partir do ano 947: *Adeleuua que vocant Rossa, Sabado que vocant Mirone* (962) e outros, data que Moreu-Rey (1991:43, 46) fai remontar ó ano 875. Giry nota que en Francia a dobre denominación comezou contra o final do séc. IX, na zona do sudoeste (A. Giry (1894): *Manuel de Diplomatie. Livre III, chap. II, Des noms de personne*. Paris, p. 359. Cit. por Aebischer, p. 53). Díez Melcón (1957:27) data a primeira aparición da denominación dobre nun doc. asturiano do ano 800: *Comasio cognomento Gomazi*; o segundo que cita é o primeiro que nós consideramos, procedente de Sobrado (*Isilo*). Para Galicia, véxase o gráfico no que se aprecia a evolución do sistema en Sobrado e Samos en Portela / Pallares (1995: 31-32) e González / Pérez (1995: 57-58).

⁴ O nome é *Monnio Nunniz*; a partir desta data inclúen máis exemplos dos anos 853, 862, e portugueses do 850, 866. Vid. Menéndez Pidal / Tovar (1962:401-2, n. 91).

Os exemplos que acabamos de poñer ilustran así mesmo sobre as vías de creación do segundo nome, que se reducen a tres: a filiación (o nome do pai), a procedencia (orixe toponímica) ou un nome adicional (un alcume ou un hipocorístico). A indicación do nome do pai no segundo nome é o procedemento máis empregado na opción do segundo nome, e o que deu lugar á maior parte dos apelidos actuais (Kremer 1994:35). De feito, para esta época, a análise porcentual das ocorrencias do material onomástico (Boullón 1994:549) revélanos que este se compón nun 82% de nomes (como prenomes ou segundos nomes), nun 15% de formas procedentes do léxico común (alcumes ou nomes de profesión) e só nun 3% de topónimos⁵.

2. PROCEDEMENTOS PARA A EXPRESIÓN DA FILIACIÓN

Son diversos os procedementos utilizados para a formación dos patronímicos. Fundamentalmente redúcense a tres: a utilización do xenitivo, a fórmula *proles* (ou, en menor medida, *filius*) e o uso do sufixo patronímico. É excusado dicir, por sabido, que non hai unha sucesión cronolóxica perfecta entre eles, dado que coexisten incluso dentro dun mesmo documento⁶, pero si se pode advertir unha certa tendencia encamiñada ó triunfo definitivo do sufixo patronímico, como despois veremos.



⁵ Nunha recente publicación onde se analiza o sistema antroponímico en Galicia desde o punto de vista histórico, tomando como base para Galicia dúas das coleccións documentais que nós manexamos (Sobrado e Samos), as porcentaxes son moi semellantes: vid. Portela / Pallares (1995:44) e González / Pérez (1995:60).

⁶ Entre os moitos exemplos que se poderían citar: *Suarius Gundisalui* = *Gundisalui* a.1164(s.13) CDXubia 94, *Petrum Ageit* [= *Ageiti* = *Ageiz*] 12.1145(s.13) CDXubia 84, *Suarius Gundisalui* = *Gundisalui* a.1164(s.13) CDXubia 94. Ou variantes do mesmo sufixo: *Flamula Guterriz* = *Guterrizi* 11.1058(or.) TSamos 461, *Hero Golmarit* = *Golmariz* 12.1190 TSobrado I 409, *Fromangu Sendiniz* = *Sendinzi* 11.1001(or.) TSamos 457, *Adefonso Ouequiz et Petro Obequizi et Uermudu Ouequizi et Geluira Ouequizi et Onneka Ouequizi* [fillos de *Ouecus Toemiriz*] 11.1064(or.) TSamos 195. Atopamos ata cinco formas distintas dun segundo nome: *Guter* / *Guterrici* / *Guterriz* / *Gutier* / *Guterrii*.

Nalgúns casos non hai marca específica ningunha: o nome do pai aparece simplemente xustaposto; neses casos parece que é só a orde de palabras o que indica cal é o patronímico. Ó constatar este feito, Veiga (que utiliza en parte os mesmos materiais de base ca nós: TSobrado, CDXubia...) pensa que este uso debeu ser cronoloxicamente posterior ás outras formas: “Cabe pensar que cuando se introdujeron en la lengua, ya habían dejado de ser productivos los patronímicos con caracterización morfológica” (Veiga 1989:15), aínda que a propia coexistencia dos nomes aducidos xunto con patronímicos ou formas en xenitivo lle fai a el mesmo desbotar esta hipótese cronolóxica. Os exemplos que atopamos remóntanse ata o séc. XII e, se temos en conta a gran desproporción dos outros procedementos fronte a este, e o feito de que case sempre conviva con outro tipo de expresión patronímica explícita (por exemplo, co xenitivo en *Rudericus Toraldi* a.1133(s.13)CDXubia 79 fronte a *Fernandus Toraldo* a.1188(s.13) CDXubia106), cremos que se poden considerar outro tipo de explicacións: desde simples lapsos dos escribáns, ata o posible condicionamento debido a certas características morfolóxicas dos nomes nesta situación.

Por exemplo, en *Ero Luzo* a.1050 TSamos 287, o segundo nome procede dun nome común (*lux, -cis*), e polo tanto puido ser interpretado como un alcume; por outra parte, atéstase o mesmo patronímico en xenitivo (*Petro Luci* a.1086(s.13) CDXubia 63) ou co sufixo patronímico (*Aloito Luciz* 11.1075(or.) DocSantiago2 411, *Guimara Luzit* 10.977(s.13) CDXubia 58). Hai tamén outros casos dunha alternancia similar con nomes de orixe francesa, e polo tanto, non claramente latinos para a consciencia do escribán, o que podería atranca-la latinización (*Rodericus Giraldu* / *Rodericus Giraldu* CDXubia 1199, *Munio Ponzardi* a.1193 TSamos 224 / *Petrus Ponzardo* a.1165 TSobrado I 211). Por último, hai unha certa frecuencia de nomes en *-as* (*Andreas, Elias, Macias*) ou *-a* (*Frogia, Froila, Garcia*) que non varían (ou fano de maneira asistemática) cando son utilizados como patronímicos; exemplificando con *Arias*, comprobamos que só minoritariamente aparece en xenitivo (*Arie*) como segundo nome: *Azenda Arias* a.1189 TSobrado I 266, *Goto Arias* a.1984(or.) CDCarboeiro 274, etc. Posiblemente a razón estea en que son nomes que non se axustan á estrutura máis usual (a segunda declinación latina).

En todo caso, dada a escaseza destas formas, non cremos que se deban interpretar como un procedemento máis para a expresión da filiación, senón, en todo caso, como unha posible tendencia que non chegou a callar.

2.1. O xenitivo

A expresión patronímica mediante o xenitivo non é unha fórmula nova, pois xa fora empregada polo grego e polo árabe, e mesmo en Roma se encontra o nome do pai en xenitivo, normalmente coa indicación *filius*, aínda que este uso se abandonara co sistema romano. Este sistema había de coexistir co do sufixo patronímico ata o séc. XIII, se ben cando máis avanzamos no tempo máis aumenta o uso dos sufixos patronímicos e diminúe o do xenitivo⁷.

⁷ Esta situación é común á de toda a Península: véxanse os cadros que presentan Menéndez Pidal / Tovar (1974:405-6).

No que respecta á ordenación dos elementos, o xenitivo aparece inmediatamente a seguir do prenome, e logo as restantes indicacións nominais (cargo, profesión, outros parentescos...)⁸.

A maior parte dos nomes forman o xenitivo en *-i*, e son de orixe latina, greco-latina, ou ben son de procedencia xermánica latinizados pola segunda declinación. Este último factor explica que sexan os máis numerosos, con moita diferenza, dado que os nomes de orixe xermánica supoñen o compoñente etimolóxico maioritario de tódolos nomes de persoa nesta época⁹. Algúns deles, de moi alta frecuencia, confluíron foneticamente cos sufixos patronímicos: así os nomes bitemáticos de orixe xermánica que presentan como segundo elemento *-ricus* (*Adericus, Alaricus, Ascaricus, Andericus, Argericus, Asparicus, Audericus, Baldericus, Brandaricus*, etc.)¹⁰, ou outros moi espallados como *Didacus (Didaci)* ou, en menor medida, *Dominicus*. En ocasións as formas aparecen foneticamente evolucionadas, co paso do *-i* a *-e* (*Didacus Guimare* a.1100 TSobrado I 185) ou con perda do *-i* final: *uilla Godin* a.[1167-1169] TSamos 179, *Froyla Sauin* 1202 TSobrado I 512.

Outros nomes, sobre todo os grecolatinos, forman o xenitivo pola terceira declinación, en *-is*: *Salvator (Dominicus Saluatoris* 12.1173 TSobrado II 138), *Silvester (Martinus Siluestris* s.a. TSobrado I 335), *Vital (Roderico Uitalis* a.1080 TSamos 326); na mesma situación están os de orixe hebrea adaptados a través da tradición grecolatina: *Iohannes (Iohhanis), Michael (Johannes Michaelis* 13.1291(s.13) CDCarboeiro 570), *Samuel (Iohanne Samuelis* s.a. TSobrado I 390). Cremos que en ocasións esta terminación *-is* podería ser interpretada como verdadeiro sufixo patronímico, xa que, por unha parte, a terminación do xenitivo convive con formas derivadas do mesmo nome que presentan o sufixo rematado en *-z* (*Petri Michaeliz* s.a. TSobrado I 313, *Petrus Siluestriz* s.a. TSobrado I 342, *Petrus Siluestrez* s.a. TSobrado I 335), e, por outra, hai formas en *-is* procedentes de nomes da segunda declinación, como *Amicus (Azenda Amiguiz* s.a. TSobrado I 335) ou *Auriolus (uilla prenominatan Oriolis* 10.959 TSobrado I 30), ou de nomes xermánicos usualmente latinizados en *-us* (como *Froila Ermegildis* 11.1027 TSobrado I 172, *Hodoarius Roderiguiz* 12.1164 TSobrado II 156 e outros).

O feito de os nomes en *-us* presentaren o xenitivo en *-is* podería interpretarse simplemente como unha confusión casual, dado que tamén se constata o fenómeno inverso, isto é, nomes que usualmente se declinan co xenitivo en *-is* presentan a terminación *-i* (como *Iohannes Siluestri* a.2328 TSobrado II 181, ou *Petrus Micaheli* a.1206 TSobrado II 263), pero hai que ter en conta a proximidade formal do sufixo *-iz*, máxime considerando que moitos destes nomes admiten tamén este sufixo. Por exemplificar só cos nomes xa citados, citarémo-los seguintes casos: *Petrus Amiguiz* 12.1162 TSobrado I 272, *Roderici Ermeildiz* 12.[1125-45] TSamos 258 ou *Dominico Roderiquiz* 11.1089 TSamos 86.

⁸ Nos documentos máis antigos o cargo eclesiástico pode aparecer no medio: *Didacus presbiter Odoricj* a.904(s.11) TSamos 442.

⁹ Un 52%, seguido por un 29% dos de orixe grecolatina (Boullón 1964:564).

¹⁰ Amais de seren moi numerosos (Piel / Kremer 1976:315-317 consignan ata 117 nomes con este segundo elemento), un deles, *Rudericus*, sitúase entre os seis primeiros no índice de frecuencias (Boullón 1994:565).

Os nomes da primeira declinación, co xenitivo en *-ae*, son menos numerosos. Corresponden a nomes masculinos de orixe prerrománica (*Garcia, Vela*) ou xermánica (*Froila*). Os nomes rematados en *-as*, case todos de procedencia hebrea (*Andreas, Elias e Arias*), no caso de variaren na formación do patronímico, asimílanse a este grupo. Todos eles presentan a forma foneticamente evolucionada *-e* (*Petrus Garsie* 11.1087 TSamos 359, *Petrus Uele et fratre meo Poncio Uele* 12.1196(or.) TSamos 221, *Petrus Froile* 12.1109 TSobrado I 184, *Maria Andree* [s.12] TSobrado I 534, *Ramirus Helie* 12.1103 TSamos 265, *Aloytus Arie clericus* 12.1194 TSobrado I 407).

Outro tipo de xenitivo é o formado seguindo o modelo latino *-o, -onis*, existente en prenomes do tipo *Nero, -onis*, e en cognomes, algúns deles acuñados a partir de nomes comúns, como *Cato - catus, Cicero - cicer, Naso - nasus*, etc., e outros especialmente frecuentes en áreas habitadas por pobos celtas (Kajanto 1982:118-120). Este sufixo estaba presente tamén na onomástica xermánica: *Karlo, Karlon* (Alvar 1973:122). Na onomástica medieval hispánica testemuñase con certa frecuencia¹¹; no noroeste hispánico, a gran maioría dos nomes que presentan este tipo de declinación é de orixe xermánica, especialmente en nomes monotemáticos hipocóristicos: *Alvaro, Brando, Cendo, Ero, Gendo, Gilo, Miro, Mito, Nando, Offilo, Oto, Rando, Sando, Sendo, Silo, Siso, Tello, Visclafredo*; e moitos deles son femininos: *Agilo, Allo, Argilo, Egilo, Ermegoto, Froilo, Goldregoto, Goto, Gudilo, Riquilo, Tequilo*. Outros nomes coa terminación *-o* son híbridos xermano-latinos, como *Donno* ou *Gato*. Por último, tamén adoptan este tipo de declinación nomes de orixe diversa (prerromanos, latinos ou latinizados), algúns dos cales se conxugan usualmente pola segunda declinación: *Revellio, Sanctio, Sanio, Fanno, Gafo, Vitio, Munnio, Nunno, Enneco, Falco*.

Aínda que estes xenitivos presentan a terminación *-is*, propia da terceira declinación (*Petrus Brandonis* 12.1164(s.13) CDXubia 94, *Arias Munionis* 12.1142 TSobrado II 31, *Marina Nunonis* 12.1180 TSobrado II 113, *Garsia Inneconis* 10.984 TSobrado I 97, etc.), tamén poden aparecer coa terminación en *-i*, propia dos nomes da segunda (*Vistrarius Eroni* 10.966 TSobrado I 37, *Gudesteo Mitoni* a.992 TSobrado I 164, *Nuno Siloni* a.963 TSobrado I 79, *Gutier Munioni* 10.984 TSobrado I 98, *Pelagius Nunoni* 12.1142 TSobrado II 32), mesmo con formas evolucionadas foneticamente, con perda dese *-i* final (*Petro Cendon* a.1140(or.) CDCarboeiro 291, *Iohanne Fanon* a.1177 TSobrado II 101). A maioría dos nomes que presentan este tipo de construción son referidos a vilas, asimilándose ó «enorme número de nomes de lugar hoxe existentes que remontan a um genitivo em *-i*» (Piel 1947:155). É o caso de *uilla Cendon* a.959 TSobrado I 30 (que deixou o topónimo galego moderno *Cendón*), *uillam Guntilani* a.966 TSobrado I 34 (top. *Gundián*), ou *uilla nomine domini Mironi* a.1086(s.13) CDXubia 62 (top. *Mirón*)

¹¹ Véxase Michelena 1957, Alvar (1973:124), ou Ciérvide 1970. Testemuñase especialmente en Navarra e Aragón, sobre todo en nomes prerromanos, o que levou a Michelena (1969:4) a soste que «Los patronímicos (o, si se quiere, genitivos), medievales en -nis característicos sobre todo de Navarra y Aragón, tienen un modelo preciso en la declinación aquitana de los temas en vocal».

É tal a multiplicidade de formas que un mesmo nome pode presentar unha declinación en *-io(ne)*, xenitivo *-nis*: *Munnio / Munionis*, e asemade en *-us*: *Munnius*, e acepta-lo sufixo patronímico: *Munniz* (ou *Muniiz*, *Muniz*, *Moniiz*, *Moniz*, *Monniz*); ou incluso formar sobre esta forma un suposto xenitivo *Munis*, que tamén podería interpretarse como unha variante de *-iz*. Esta posibilidade de seguir dous modelos de declinación distintos téñena un bo número de nomes: amais de *Nunnus / Nunno(ne)*, encontramos numerosas parellas como as formadas con bases latinas e flexión visigótica, tales como *Sanctius / Sanctio*, *Maurus / Maura*, *Domnus / Donno*, e numerosos nomes xermánicos: *Erus / Ero*, *Cendus / Cendo*, *Gilus / Gilo*, *Mirus / Miro*, *Mitus / Mito*, *Offilus / Offilo*, *Randus / Rando*, *Sandus / Sando*, *Silus / Silo* e *Tellus / Tello*, ou doutras orixes: *Ennecus / Enneco*.

Consecuencia directa desta duplicidade na declinación dos nomes é a dobre posibilidade de construción co sufixo patronímico, que se pode engadir tanto ó caso recto coma ó oblicuo; de aí que do mesmo nome poidamos ter dous patronímicos distintos, segundo a súa flexión:

Erus → *Eriz*, *Ero* → *Eroniz* (*Garsia Eriz* a.1074 TSamos 292, *Froyla Eroniz* a.975(or.) TSamos 141)

Cendus → *Cendiz*, *Cendo* → *Cendoniz* (*Ueremudo Centiz* a.1103 TSamos 265, *Suario Cendoniz* a.1074(or.) TSamos 210)

Mitus → *Mitiz*, *Mito* → *Mitoniz* (*Nunu Mitiz comes* a.1075(or.) DocSantiago2 410, *Sarrazinus Mitoniz* a.1001 TSobrado I 169)

Sandus → *Sandiz*, *Sando* → *Sandoniz* (*Aloito Sandiz* a.[1020-52] TSamos 83, *Petrus Sandoniz* a.1084 TSamos 274)

Sendus → *Sendiz*, *Sendo* → *Sendoniz* (*Fromarigus Sendiz* a.1040 TSobrado I 85, *Petrus Sendoniz de Uigo* a.[1038-57] TSamos 271)

Silus → *Siliz*, *Silo* → *Siloniz* (*Sarracino Siliz* [iudex], *Aloitus Siloniz* [iudex] a.985(or.) TSamos 453)

E sen seren de orixe xermánica:

Ennecus → *Enneciz*, *Enneco* → *Enneconiz* (*Belasco Enegviz* a.[1025](or.) DocSantiago2 403 / *Suarico Enegoniz* a.975(or.) TSamos 141).

Domnus → *Donniz*, *Donno* → *Donnoniz*.

Sanius → *Sanniz*, *Sanio* → *Sanioniz*.

Moi relacionado con este, pola súa morfoloxía e a súa procedencia xermánica, está o xenitivo en *-a*, *-anis*:

La limitation [desta flexión] aux seules régions contigues aux pays germaniques annonce qu'il s'agit ici d'une imitation de la flexion germanique *-a*, *-un*, imitation née sous l'influence de la déclinaison *-o*, *-onis* et qui eut pour point de départ les noms propres empruntés aux langes germaniques¹²

¹² Meyer-Lübke: *Grammaire des langues romanes*, II, pp. 27-8, cit. por Alvar (1973:122). Vid. tamén Kremer 1970.

Igual có que ocorría coa flexión *-o*, *-onis*, case tódolos nomes que presentan estoutro modelo son de procedencia xermánica e, igualmente, son formas hipocóricas: *Adila*, *Aldia*, *Ata*, *Audila*, *Bera*, *Berila*, *Brandila*, *Adala*, *Burgala*, *Gevera*, *Egica*, *Egila*, *Fafile*, *Froila*, *Gesa*, *Gonta*, *Gundila*, *Iquila*, *Manila*, *Nunnila*, *Oila*, *Quintila*, *Riquila*, *Senta*, *Sunila*, *Tanquila*, *Tata*, *Teoda*, *Valia*, *Vandila*, *Vimara*, *Visterla*, *Vitiza*; de orixe non xermánica, *Maura* e *Vita*. Sen embargo, podemos afirmar, como Leite de Vasconcelos (1928:105), que non atopamos «exemplos positivos e directos de patronímicos en *-anis*», se ben a súa existencia se deduce dos descendentes destes nomes na toponimia. Tamén era escasa a súa presenza en textos casteláns, cataláns e aragoneses (Alvar 1973:122-3; Díez Melcón 1957:76). O exemplo máis próximo, e único, é *[uilla] Froianes* 12.1125 TSamos 158. Os nomes xermánicos con esta terminación fan o xenitivo normalmente en *-i* ou co sufixo patronímico (sexo este *-iz* ou calquera outra variante); velaquí algúns exemplos:

Froyla Atani a.1144(s.13) CDXubia 84
Menendo Froilani a.964 TSobrado I 150
Veremudus Sunilani a.[1009] TSamos 170
Ilduncia Uimarani a.968 TSobrado I 47

E a maioría deles son, coma no caso dos nomes formados con *-o*, *-onis*, nomes de vilas, onde tamén se pode constata-la evolución fonética do xenitivo, coa perda do *-i* final. Indicamos tamén os topónimos modernos que deben proceder das formas en *-anis*:

uilla Fafilani a.1074(or.) TSamos 209, *[uilla] Fafian* a.1052 TSamos 293, *[uilla] Fafiam* a.[1196-1200] TSamos 429; top. mod. *Fafían / Fafiás* (Piel/Kremer 1976:125).
uille Gontani, *uilla que dicitur Gontan* a.964 TSamos 302; top. mod. *Gontán* (Piel/Kremer 1976:171).
uillam Guntilani a.966 TSobrado I 34; top. mod. *Gundián / Gundiás* (Piel/Kremer 1976:171)
uilla Ricilani a.952 TSobrado I 124; top. mod. *Riquián, Receá / Requiás* (Piel/Kremer 1976:226)
uilla Guiticiani a.[971] TSobrado I 137; top. mod. *Guitizá / Quizáns* (Piel/Kremer 1976:294).

Cómpre indicar, por último, que nalgúns casos o xenitivo non indica patronímico, senón que é usado no canto do nominativo. Isto ocorre especialmente en nomes de orixe xermánico con flexión *-a(ne)* ou *-o(ne)*:

ego Adilani presbiter a.785 TSamos 298
frater Uictizani a.962 TSamos 118
domnus Sunilani a.[1009] TSamos 172
ego frater Uandilani a.1020 TSamos 191
Riquilani presbiter a.1074(or.) TSamos 469

domna Eiloni a.982 TSamos 105
Allonis abbattissa a.985 TSobrado I 71
domnus Froiloni a.1031 TSobrado I 74
Siloni abba a.955 TSobrado I 25
soror Tequiloni a.[1009] TSamos 171

Tamén pode aparecer en función de calquera outro caso, sen ser nominativo:

Eroni (meo coniermano nomine) [Arianus] 11.1055 TSamos 95
 Eroni (uiro suo) [Hermesenda] 10.985 TSobrado I 70
 Froiloni [ab.] 10.951(or.) TSamos 229
 Terloni Lucidi (ad) 10.[944] TSamos 127

En realidade a terminación *-ni* pasou a funcionar para o caso universal, como explica Bastardas (1953:32), que rexistra o mesmo fenómeno en documentos dos séculos X e XI:

hay que tener en cuenta que los nomes germánicos en *-a, -anis; -o, -onis; -is, -e*, usan con frecuencia las desinencias *-ani, -oni, -i* para el caso universal. ... Así, por ejemplo, un nombre en *-a, -anis*, como *Froila*, aparece en el Cartulario de San Vicente en forma de nominativo *Froila* ... siete veces. El acusativo en *-ani*, a menudo en función de nominativo, es usado seis veces; en cambio, la forma en *-e, Froilane* (castellano, *Froilán*), aparece una sola vez.

2.2. As fórmulas *proles, filius*

Outro procedemento é a perífrase con *proles* (ou, indistintamente, *prolis, prole* ou unha forma hiperculta *prolix*), modalidade patronímica que podería ser unha imitación romance da forma mozárabe *iben* ‘fillo de’ (Kremer 1990:12). A palabra *proles* vai habitualmente seguida do nome do pai en xenitivo, aínda que non sempre, como podemos ver nos seguintes exemplos:

Ueremudus prolis Ordonius rex 10.981 TSamos 113
 Giluira prolix Veremudo rex 11.1058(or.) TSamos 462
 Eiloni prolis Luzo 11.1061(or.) TSamos 465
 Munninu prolis Ero 11.1091(or.) TSamos 470

En raras ocasións a fórmula *prolix* aparece despois do nome do pai:

Giloiria Aloitz prolix 10.966 TSobrado I 37

Á vista da relación completa de cadeas onomásticas con *proles* podemos comprobar que a construción máis usada é *prenome + proles + nome en xenitivo*; ademais, comparativamente coa utilización do nome en xenitivo ou do patronímico é un procedemento relativamente pouco usado; finalmente, hai unha certa tendencia a aplicárllelo a personaxes

reais ou a señores. Cronoloxicamente ten o seu auxe no séc. XI e a penas chega ó XII. A seguir reproducimos algúns exemplos:

Ranimiri rex prolis 10.904(s.11) TSamos 442
 Ueremudus prolix Silonia 10.958(or.) CDCarboeiro 251
 Guttier prolix Aloiti 10.963 TSobrado I 79
 Ueremudus prolix Ordonius rex 10.981 TSamos 113
 Didaco proles Palliti 10.[982] TSamos 318
 Ermegildo cognomento Menendus ceu pr. proles Sandini et Giloire 10.[982] TSamos 319
 Ordonius prolix Veremudo principis 11.1001(or.) TSamos 457
 domni Felicis prolis Odoarii 11.1029 TSamos 366
 regem domnum Adefonsum prolix Veremudi 11.1036 TSamos 101
 Egika proles Baltariz [= Egika Baltariz] 11.1037 TSamos 384
 Fredenandus rex prolix Sanctioni 11.1058(or.) TSamos 461
 Giluira prolix Veremudo rex 11.1058(or.) TSamos 462
 comitem domnum Sancium proles Ordonii 11.1074 TSamos 291
 Ueremudus comes prolix Ordoniz 11.1074(or.) TSamos 209
 Orroka prolis regia Fredenandi principis 11.1075(or.) DocSantiago2 411
 comite Froila prole Didaci 11.1093 TSamos 397
 dono Petro proles Froile 12.1100 TSamos 386
 rege Adefonso prole Fernandi 12.1103 TSamos 421
 comes dominus Fernandus prolix Petri 12.1132(s.13) CDXubia 78

Observamos tamén que en ocasións en lugar de ir en xenitivo, o nome do pai vai co sufixo patronímico, e ás veces o mesmo nome exprésase das dúas formas (*Egika proles Baltariz* [= *Egika Baltariz*] 11.1037 TSamos 384; *Uisclauara prolix Uistrariz* [= *Uisclauara Uistrariz*] 11.1044(s.13) CDXubia 59). Parece claro que a fórmula *proles* debeu sentirse como redundante, pois a información patronímica expresábaa xa abondo claramente o sufixo.

Só encontramos unha fórmula equivalente, a utilización de *pueri*, en a penas dúas ocasións: *Gundemari pueri Dominici* 09.878 TSamos 305, *Gudini pueri Dominici* 09.878 TSamos 305.

Naturalmente, tamén aparece a indicación de filiación con *filius*, empregado co seu sentido recto, seguido do nome do pai en xenitivo ou coa preposición *de*. Este procedemento úsase ó longo de todo o período estudiado, especialmente cando se quere da-lo nome do pai completo (con prenome e patronímico), polo que en rigor consideramos que non é unha fórmula alternativa á do patronímico, ou alomenos, non sempre funciona como tal:

Lubello filii Recemundi 10.936 TSobrado I 136
 Fofum filio de Petrio Cornelio (sagionem nomine) 10.942 TSobrado I 161
 Menendus filius de Miro 10.949 TSobrado I 55
 Veremudus filius Gatonis 10.[+976] TSamos 115
 Scemenus archidiac. filius Tructini 10.983 TSamos 323
 Salamiro filio Froilani 11.1000 TSobrado I 165

Fafila filio de Gartja 11.1062(or.) CDCarboeiro 263
 Justu filio de Didacu 11.1062(or.) CDCarboeiro 263
 Ramiro filio de Aluito 11.1062(or.) CDCarboeiro 263

2.3. Os sufixos patronímicos

Sobre a orixe do sufixo patronímico (hoxe *-ez*, *-is* en galego, *-es* en portugués, *-ez* en español), vertéronse diferentes hipóteses que non imos reproducir aquí¹³. Sexa vasca, latina, xermánica, árabe ou ibérica, o que é indubidable é que certas circunstancias contribuíron ó seu espallamento e consolidación; xa citamos antes, ó falar do xenitivo en *-i*, a coincidencia morfolóxica cos xenitivos en *-ricus*, feito que fora xa apuntado por Meyer-Lübke (1917:208-210) ó defende-la orixe latina do sufixo. O noso propósito aquí non é encerellarnos na polémica, senón contribuír á descrición do comportamento destas terminacións. Segundo Pidal / Tovar (1962:440), procede dun sufixo procedente dunha lingua mediterránea, *-z*, e era precedido por unha vocal variable: predomina *-iz* nos ss. IX e X, aumenta despois *-oz*, e triunfa máis tarde *-ez*. Cos nosos datos comprobaremos que a vocal variable dependía fundamentalmente da morfoloxía do nome ó que se lle engadía o sufixo: *-a-* se remataba en *-a*, e *-i-* ou *-e-* (dependendo da cronoloxía) nos demais casos. De todas maneiras, cuantitativamente os patronímicos en *-a* son moito menos numerosos: supoñen tan só un 16% do total das formas que presentan sufixos patronímicos en *-z*, como corresponde máis ou menos á proporción dos nomes masculinos rematados en *-a*.

A seguir examinaremos-la función deste sufixo nos nosos textos, así como as variantes que pode presentar e a súa distribución no tempo. O normal é que apareza como patronímico, é dicir, indicando o nome do pai, pero unhas poucas veces aparece co prenome:

Furtunit 9.898(or.) DocSantiago1 I 42
 Gundesalviz 10.904(s.11) TSamos 442
 domno Ermoriz a.982 TSamos 105
 Leouildit pr. 11.1040 TSobrado I 85
 domno Fredenandiz a.[1020-52] TSamos 81
 domini abbati Doniniz a.1112(s.13) CDXubia 68
 portione de matre Cendulfiz a.1118 TSobrado I 174

Sospeitamos que nestes falsos patronímicos o sufixo puido ser interpretado como xenitivo ou, se non, como caso non nominativo (como parecen demostra-los últimos exemplos). Polo demais, as confusións casuais son, como vimos, moi frecuentes nos textos latinos medievais; sería un intento de utilización desta marca morfolóxica como caso universal semellante á que vimos que ocorría coa desinencia *-ani* ou *-oni*.

¹³ Véxase, fundamentalmente, Menéndez Pidal / Tovar (1962), Piel (1962/63) e Leite de Vasconcelos (1928:121-127).

2.3.1. Sufixo patronímico *-az* (*-aci*, *-at*)

O sufixo patronímico coa vocal *-a* (e a terminación *-z*, *-ci* ou *-t*) aparece fundamentalmente en nomes rematados en *-a*, algúns árabes (*Abdela*, *Medoma*, *Zalama*), outros vascos (*Anaia*, *Eita*, *Vela*), e case todos xermánicos: *Atila*, *Bagia*, *Burgala*, *Egica*, *Emila*, *Fafila*, *Franquila*, *Froila*, *Gonta*, *Guistila*, *Iquila*, *Quintila*, *Quitila*, *Riquila*, *Senta*, *Sunila*, *Vigila*, *Vimara*, *Visterla*, e un que parece proceder do léxico común, pero en todo caso tamén rematado en *-a*: *Equaz*¹⁴.

Hai, sen embargo, outros patronímicos coa terminación *-az* formados a partir de prenomes que non rematan en *-a*. O máis frecuente de todos eles é *Didacus*, no que non se pode falar propiamente dun sufixo patronímico, senón da evolución fonética normal do xenitivo: *Didaci* > *Diaci* > *Diaz*. En *Quiriaz* ou *Quiriaci*, moito menos común, con dúas únicas atestacións, estamos nun caso semellante: é o xenitivo do nome de orixe grega *Quiriacus* (a.976(s.12) DocSantiago2 396, e a.1001 TSobrado I 167, respectivamente). Para efectos formais, o seu comportamento é similar ós sufixos, polo que os teremos en conta de aquí en diante.

A situación é distinta en *Pelagius*: trátase aquí da evolución fonética dun patronímico en *-ez*, onde se produce unha asimilación á vocal tónica *á* e unha posterior redución do hiato (Navaza 1991:28). Exemplificarémolo con formas tiradas dos nosos textos:

5 *Pelagiz* (ou *Pelagizi*) > *Pelaiz* (ou *Pelayz*, *Pelaizi*, *Pelayci*, *Pelaici*, *Pelaicii*, *Pelait*) > *Pelaez*, *Pelaz* (ou *Pelaci*, *Pelaz*, *Pelazi*) > mod. *Páez*, *Pais*, *Paz*.

A forma máis frecuente é *Pelaiz*, con moita diferenza, sobre todo nos séc. XI e XII; *Pelaz* (e variantes) que lle empezan a face-la competencia contra finais do XII, aumentando significativamente no XIII, posiblemente sexa o antecedente do moderno *Paz*¹⁵. Non é tampouco, daquela, un sufixo patronímico en *-az*, xa que procede de *-ez*, pero asimilouse graficamente a eles (e foneticamente, no caso do descendente moderno *Paz*).

¹⁴ É quizais un caso similar ó que consigna Díez Melcón (1957:140): «Pelagius Mentira» a.1115 e «Pelagius Mentiraz» a.1148. Co mesmo sufixo patronímico é interpretado *Hiscaz* 1110, «quizais partindo de *isca/esca*» por Rivas (1991:376). Para máis exemplificación deste sufixo, vid. Rivas (1991:371-380), e Leite de Vasconcelos (1928:108-110).

¹⁵ Véxase a entrada *Pelagius* en Boullón (1994:413-422). Téñase en conta que o *-l-* intervocálico non reflicte unha realidade lingüística, senón que soamente indica a permanencia da tradición gráfica latina; esta circunstancia explica tamén que non encontremos no noso corpus atestacións de formas intermedias con *a* como vocal tónica; recórdese que só manexamos fontes latinas, e por tanto, amais das formas citadas, temos tamén as abreviaturas *Pl* ou *Pel* (con cadanseu sinal de abreviatura por riba). Que a forma *Pelaz* sexa o antecedente de *Paz* parece ser corroborado por un *lapsus calami* dun notario que, nun texto xa romance, escribe: *o moesteyro aga seu foro en plaz* (a.1305 CDRamirás:457) nunha frase moi usual que reescribe unhas liñas máis abaixo como *o moesteyro aga seu foro en paz*; parece claro que a pronuncia do substantivo *paz* era a mesma cá do patronímico de *Paio*.

No que respecta á morfoloxía do sufixo, constatámo-las variantes *-aci*, *-at*, *-az*, *-azi*. A primeira delas, *-aci*, ocorre fundamentalmente en *Didacus* > *Didaci* (e tamén, aínda que a súa frecuencia é moito menor, en *Quiriacus* > *Quiriaci*), onde, como xa dixemos, é a continuación natural do xenitivo. Cronoloxicamente aparece desde moi cedo, o séc. IX, e empeza a decrecer a partir do XIII:

domina Munia Froilaci 12.1125(s.13) CDXubia 77
 Segnior Guimaraci 12.1159 TSobrado I 233
 Iohanni Pelaci 12.1189 TSobrado I 199
 Pelagii Eitaci 12.1190 TSobrado I 216

Rexistramos máis ocorrencias do sufixo *-at*, que aparece no séc. X, e está especialmente documentado no séc. XII: *Vistrario Didat*¹⁶ 10.977(s.13) CDXubia 58, *Domnino Abdellat* 11.[1038-57] TSamos 271, *Pelagio Uelat* 11.1072(s.13) CDXubia 60, *domina Munia Froliat* 11.1095(s.13) CDXubia 66, *Pelagio Uelat* 12.1114(s.13) CDXubia 71, *Froyla Gimarat* 12.1132(s.13) CDXubia 78, *Petrus Diat de Pela* 13.1209 TSobrado II 193.

A súa especial incidencia pode deberse simplemente ó costume gráfico dalgúns escribas: vemos que só hai un exemplo de Samos, e o resto son de Xubia e Sobrado, case todos en textos transcritos no séc. XIII. É rechamante a súa ausencia no corpus castelán de Díez Melcón (1957:136-142) e mais no portugués de Leite de Vasconcelos (1928:108-110), aínda que si aparece no Cortesão (*Fraiat* a.1033). Pola súa banda, Rivas rexistra poucos exemplos nas fontes galegas: *Diat* a.1260 Mugar dos (p. 373), *Froiati* a.1231 Figueiroá (p. 375), *Quintat* (que fai derivar de *Quintus*) en 1259 (p. 378), *Vimarat* 1007 Ourense (p. 380).

A variante máis frecuencia e, desde logo, *-az*, ó longo de todo o período estudado, desde o séc. X (*Froila Uigilaz* 10.904(s.11) TSamos 442) ata o XIII (*Froyla Uimaraz* 12.1162(s.13) CDXubia 91, *Marina Uelaz* 13.1225 TSobrado I 409) e en tódalas fontes (*Garcia Froilaz* 12.1180(or.) CDCarboeiro 305 *Ordonio Froiaz* 11.1075(or.) DocSantiago2 411, *Uisclauara Frojlaz* 11.1099(or.) CatDocSantiago 111). Unha variante súa, *-azi*, aínda que se atesta por primeira vez a finais do X (*Oduarius Quir{..}azi* 10.976(s.12) DocSantiago2 396) ocorre especialmente no séc. XI (*Munu Vimarazi* 11.1058(or.) TSamos 460, *Arias Didazi* 11.1075(or.) DocSantiago2 411, *Iohanni Quintilazi* 11.1098(or.) TSamos 472).

Cómpre resaltar que uns poucos nomes que presentan o patronímico en *-az* téñeno tamén en *-iz*: *Eitit* s.a., *Pelagiz*, *Pelaiz*, *Pelaici*, *Quintilaiz* a.1101, *Vimariz* a.952 (e *Vimarizi* s.11). Como se ve, non sendo o caso especial de *Pelagius*, os outros son esporádicos e en épocas temperás. Á inversa, o patronímico exclusivamente en *-iz* de nomes rematados en *-a*, só ocorre en dous nomes: *Flamizi* (de *Flamma*, 11.1001(or.) TSamos 457), e mais *Garceiz* (11.1074(or.) TSamos 210) e *Garsediz* (11.1033 TSamos 385), de *Garcia*¹⁷. É evidente que

¹⁶ En *Didat* e *Diat* vese unha propagación analóxica do sufixo a partir das outras formas.

¹⁷ Non localiceí máis ca un exemplo galego de *Garcia* co sufixo *-az*, que nos textos casteláns é calificado por Pidal / Tovar como «muy frecuente» (1962:427). Trátase de *Garciaci* a.1127 Santiago (Rivas 1991:375).

o sistema non vacilou demasiado en asignarlle o patronímico en *-az* ós rematados en *-a*, e en *-iz* (ou variantes) ós outros.

Como conclusión, vemos que as variantes do sufixo patronímico con vocal *-a* conviven cronoloxicamente e xeograficamente durante todo o período estudado, se ben a que goza de máis predilección é *-az*, a paralela a *-iz*, que estudiamos a seguir.

2.3.2. Sufixo patronímico *-iz* (*-ici*, *-it*, *-izi*, *-ez*, *-es*, *-ix*)

Este é, con moita diferenza, o máis empregado de tódolos sufixos patronímicos, xa que, como veremos, se aplica a tódolos nomes persoais non rematados en *-a*, que son a maioría. O primeiro exemplo do noso corpus é do séc. IX (e non está usado como patronímico: *Furtunit* 9.898(or.) DocSantiago1 I 42).

Empezaremos falando da variante *-ici*, que tivo unha certa frecuencia, sobre todo nos ss. XI e XII, seguramente por influencia dos xenitivos das formas rematadas en *-icus*. Menéndez Pidal / Tovar (1962) consideran que «los genitivos aparentes en *-ici* son ultracorreccións» (p. 409), por «suponer un sufixo *-icus* en genitivo **Fredinandicus*, o en imitar la *-i* latina del genitivo de temas en consonante velar ‘*filius Didaci*’» (p. 435). Desde logo, á semellanza fonética co sufixo *-iz* hai que engadi-la alta frecuencia de certos nomes que facían o xenitivo en *-ici*, tales como *Rudericus* e tódolos demais rematados en *-ricus*, entre os xermánicos (*Trasaricus*, *Golfaricus*, *Ermoricus*, *Romaricus*, *Honoricus*, *Leuvericus*, *Malaricus*, *Audericus*, *Aliaricus*, *Andericus*, *Ragiricus* e outros), e *Dominicus* (e *Amicus*) entre os latinos. A relación destes xenitivos é ben máis numerosa cá das formas cun auténtico sufixo patronímico en *-ici*. Dito doutra maneira, o sufixo *-ici* só se engade ás formas que non rematan o seu nominativo en *-icus*, e estas son menos frecuentes cós abundantísimos nomes anteditos. Entresacaremos só algúns exemplos.

- Ero Gemunoici 10.945 TSobrado I 44
- Iheremias Centarici 10.977(s.13) CDXubia 58
- Eita Munici 11.1016 TSobrado I 42
- Azenar Lupici 11.1037 TSobrado I 159
- Ermiarius Braolici 11.1037 TSobrado I 159
- Eyta Uermudici 11.1037 TSobrado I 159
- Ouecus Monici = Muninci 12.1144(s.13) CDXubia 84
- Pinol Nunici 12.1144(s.13) CDXubia 84
- P<etrus> Suarici 12.1148(s.13) CDXubia 85
- Ferueo Pelaici 12.1160 TSobrado II 376
- Hero Munici = Muninci 12.1164 TSobrado I 201
- Maria Martinici 12.1171 TSobrado II 376
- Iohannes Ouekici 12.1176 TSobrado II 97
- Maria Fernandici 12.1176 TSobrado II 100
- Petrus Rabinadici 12.1176 TSobrado II 97
- Pelagio Petrici pr. 12.1199(or.) CDCarboeiro 548
- Sancio Guterici 12.1199(or.) CDCarboeiro 548

Esporadicamente aparece tamén a variante puramente gráfica *-yci* (*Abolino Zensoyci* 11.1037 TSobrado I 159, *Froyla Athayci* 12.1155 TSobrado II 450).

Outra das graffías que competiu con bastante éxito para o patronímico é *-it*. Cremos que esta alternancia *-iz*, *-it* debe ser só gráfica. Por unha banda, debía lembra-las palabras latinas rematadas en *-t* (certos substantivos, como *caput*, e, sobre todo, a terceira persoa do singular dos verbos), e, por outra, o <z>, o grafema máis usual para representa-lo fonema africado predorsodental sonoro, procedía de KJ e tamén, polo que a nós nos interesa aquí, de TJ. Quizais esa intención latinizante, tan frecuente entre os escribas medievais (recórdese, por exemplo, o *prolix* citado máis arriba) foi o que motivou o espallamento desta terminación.

Atopámolo desde datas tan temperás como finais do séc. IX (o xa citado *Furtunit* 9.898(or.) DocSantiago1 I 42) e foi aumentando progresivamente (*Didacus Braolit* 10.977(s.13) CDXubia 58, *Roderico Menendit* 10.984 TSobrado I 97, *Elduara Guistrarit* 10.997(s.13) CDXubia 59, *Aymia Destiriguit* 11.1024(s.12) DocSantiago2 401, *Geloira Menendit* 12.1163 TSobrado I 444, *Martinus Aluitit* 12.1166(s.13) CDXubia 98 e moitos máis casos). Hai algunha variante ortográfica desta terminación, en *-yt* (*Ero Roderigyt* 11.1096(s.13) CDXubia 67), e mais en *-th* (*Geraldí Satriauith* 12.1192(or.) TSamos 487), grafía que non era insólita en final de palabra en textos do reino de Castela no séc. XII:

el uso indebido de *th* en final de palabra, principalmente en nombres propios geográficos (cf. *Mozoth*, *Tragac / zeth*, *Villafarreth*, etc.), tal vez tuviese por finalidad evitar la pérdida de la consonante final, sin que ello menoscabe la importancia del influjo francés o de los arabismos (Pérez González 1985:79; vid. tamén Menéndez Pidal 1986:321 e 1976:223).

Hai que engadir que consignamos máis veces esta secuencia final sen ser en sufixos patronímicos, pero si en materia nominal:

Petrus Anagoreth 10.988(s.12) DocSantiago2400
 Helisabeth uxore sua [Adefonso rege] 12.1103 TSamos421
 Pirroth 12.1173 TSobradoII 138
 Serroth 12.1174 TSobradoII 382
 Pelagius Petriz dictus Perroth 13.1200 TSobradoII 383
 Goth homo regis iustitia 13.1232 TSobradoII 388
 Fernando Goth s.a. TSobradoI 337
 Iohannes Calueth s.a. TSobradoI 343

A maior parte destes personaxes son de orixe foránea, o que parece confirma-lo feito de que tamén o é esta grafía.

É salientable o feito de que nas obras consultadas, se ben nalgunhas cítanse formas en *-it*¹⁸, non se fai referencia explícita a esta terminación. Floriano (1950:342) menciona dous

¹⁸ Vid. en Menéndez Pidal / Tovar (1962): *Rodrigit*, *Sangit* p. 410, *Bellasquit* p. 411, *Baltarit* p. 418, documentación tirada de Díez Melcón; non se rexistran en Alvar (1976) nin en Ciérvide (1970).

patronímicos rematados en *-t*¹⁹. Só Rivas, que usa fundamentalmente fontes galegas, cita máis casos de patronímicos en *-it*²⁰, a maioría galegos, pero tamén portugueses e leoneses, bastantes deles do séc. IX, o que incide na súa antigüidade. Non cremos, dado o gran número dos nosos exemplos, que sexan formas esporádicas, porque, se ben aparecen con especial profusión en Sobrado (que é a fonte con máis número de nomes), tamén están presentes nas outras, coa excepción de Carboeiro. Neste sentido, hai que subliñar en apoio á consideración da intención cultista e consciente dos escribas, o feito de que, que, bardantes o primeiro, nin un só dos exemplos procede de documentos orixinais, senón dos tumbos ou de copias posteriores.

A variante maioritaria do sufixo patronímico é, con moito, *-iz*, ó longo de todo o período cronolóxico estudado: «favorecióle su analogía vocálica con los genitivos latinos en *-ici*, en *-is* y en *-i*» (Menéndez Pidal / Tovar 1962:407). A ocorrencia máis antiga, do séc. VIII, é dubidosa: *Quiza {Gon}teriquiz* 8.788(s.11-12) CDCarboeiro 239; despois seguen sen interrupción a partir do séc. IX (*Didaco Fonsiniz* 9.[854] TSamos 239, *Guterrus Osoriz* comes 9.[854] TSamos 239, *Aita Gundesindiz* almiger 10.904(s.11) TSamos 442, etc.). Tamén hai unha variante puramente gráfica, *-yz*, que se documenta sete veces en documentos de CDXubia e TSobrado (*Ero Ruderigy* 11.1096(s.13) CDXubia 67, *Munio Rumarigiz et germana mea Eillo Romarigiz* 12.1101(s.13) CDXubia 68, *Azenda Gondiuayz* 12.1122 TSobrado II 124

A variante *-izi*, construída a partir de *-iz* en imitación de *-ici*, ten o seu apoxeo no séc. XI, e despois decrece para acabar desaparecendo. É evidente que inflúen no seu uso os costumes gráficos de certos escribas, pois, se ben hai exemplos de case tódalas fontes analizadas, a maior parte está concentrada nuns poucos documentos orixinais de Samos e Carboeiro dos séculos XI e XII, respectivamente. Vexamos algúns deles: *Ero Pisonizi* 11.1001(or.) TSamos 457; *Uermudu Ouequizi et Geluira Ouequizi et Onneka Ouequizi* [fillos de *Oueco Temirizi = Toemirizi*] 11.1064(or.) TSamos 195, *Didago Uimarizi* 11.[1088](or.) CDCarboeiro 275, *Arias Pelagizi* pr. 12.1153(or.) CDCarboeiro 299.

No que respecta á variante *-ez*, hai que advertir previamente que consideramos á parte o nome *Gomez*, procedente da raíz xermánica *Gum-*, do gót. *guma* 'home'. Por mor da escaseza da forma sen terminación *-ez*²¹, e o seu funcionamento non só como patronímico, senón tamén como prenome, foi considerada «nicht um das normale patron. Suffix handelt, sondern um die Genetivform des folgenden Names» (Piel / Kremer 1976:162)

¹⁹ Un deles é o mesmo nome francés que nós documentamos: *Perrot* (dimutivo de *Pierre*), e o outro, *Sanxit* «escrito en esta forma en lugar de *Sanxiz*, o *Sanciz*, por ensordecimiento de consonante final».

²⁰ *Danielit* a.983 p. 338; *Farreth* a.1188 Santiago, de *Farus* p. 342; *Ferucet* a.1216 Ferrol, de *Ferrutius* p.343; *Iguzit* a.965 A Coruña, talvez de *Acutius* p. 350; *Menendit* a.1059 (tomado de A. A. Cortesão) p. 353; *Milit* a.1033 (tamén tomado de Cortesão), de *Milius* p. 354; *Mit*, *Mint* a.1339 Santiago, talvez de *Minius* p. 354; *Nunit* 960 (Cortesão), a.1191 Asadur (León) p. 355; *Odarit* a.983 (Cortesão) p. 356; *Ovequit* a.1266 p. 357; *Pelagit* a.1053 (Cortesão), *Pelait* a.1157 Monfero p. 357; *Ramnadit* a.1143 Eslonza, de *Rapinatus* p. 360; *Roderiguit* a.1262 Chantada, *Rodriget* a.1270 Ourense, *Rodriquit* a.1278 Ribas de Sil, p. 362. A relación non é exhaustiva.

²¹ De feito, no noso corpus non a constatamos nin unha soa vez. No seu dicionario de nomes góticos, Piel e Kremer (1976:162) citan moi poucos casos, ningún deles galego; e o mesmo Rivas (1991:189).

Con esta excepción, as formas con *-ez* son escasas en comparación coas outras; hai un único exemplo de finais do séc. X (*Munionem Gutierrez* 10.992 TSobrado I 163), e van incrementándose pouco a pouco, de modo que case tódalas ocorrencias (un total de 31) son do séc. XIII. Isto non é nada estraño, xa que «el paso de *-iz* a *-ez* es normal en español [e mais en galego e en portugués] en sílaba final átona, por lo que resulta evidente el paso del sufijo *-iz* ... a *-ez*» (Menéndez Pidal / Tovar 1962:407). É, polo tanto, a forma máis moderna e sería, como se sabe, a que acabaría triunfando en todo o ámbito hispánico. Con todo, non podemos afirmar con Pidal / Tovar que «este avance de *-ez* continúa hasta arrinconar a *-iz* durante el siglo XII, con el triunfo completo de *-ez* desde comienzos del siglo XIII» (p. 425). En Galicia, sempre máis conservadora, non se reflectirían estes cambios fonéticos de xeito xeneralizado ata a aparición do romance.

Outra variante, foneticamente evolucionada, é *-es*, testemuñada só nas formas *Heres*, *Eres*, patronímico de *Herus*, todas elas no séc. XII (*fratres Vermudo Eres* 12.1124(s.13) CDXubia 75, *Pelagio Heres* 12.1139 TSobrado II 390, *Marinam Eres* e *Petro Eres* 12.1159 (s.13) CDXubia 88, *Nuno Heres* e *Petrus Heres* 12.1164 TSobrado I 424). Cremos estar aquí perante o sufixo patronímico (e non do xenitivo en *-is*, pois este nome declínase pola segunda declinación), dado que o mesmo apelido aparece en xenitivo en *-i* (Nuno *Heri* 12.1190 TSobrado I 197, *Petrus Heri* 12.1190 TSobrado I 197) e con diversos sufixos patronímicos:

Pelagius Eri a.1152 [TSobrado II 391
 Petro Eriz a.1199(s.13) CDXubia 116
 Petrus Herit a.1202 TSobrado II 409

Outro caso de *-s* final atopámolo en Didaco *Dias* 13.1206 TSobrado II 257, tendo en conta, como xa se dixo, que non se trata dun auténtico sufixo patronímico, senón dun xenitivo (< *Didaci*).

Unha variante gráfica, que aparece moi poucas veces, é *-ix*. Reproducimos tódalas ocorrencias, coa advertencia que as últimas cinco son documentos procedentes de Zamora e León:

Froila Gutierix [s.11-12](or.) CatDocSantiago 111
 Eka Telix 12.1120(s.13) CDXubia 73
 Didacus Menendix 12.1199 TSobrado I 479
 Maria Fernandix ES-LE 12.1167 TSobrado II 296
 Petrus Fernandix ES-LE 12.1167 TSobrado II 296
 Martinus Frolex ES-LE 12.1193 TSobrado II 305
 Micahel Fernandix ES-ZA 13.1200 TSobrado II 273
 Fernandus Fernandix ES-ZA 13.1219 TSobrado II 210

A confusión destas sibilantes en posición final levou a José Joaquim Nunes a afirmar que «aos grafemas *-s*, *-z* e *-x* em final de palavra correspondia um som idêntico, possivelmente de tipo palatal, como acontece no português actual» (cit. por Maia 1986:462-

3). Esta opinión é compartida por Maia, en contra doutros estudiosos que sosteñen que se trata dun fenómeno recente en portugués (ss. XVI ou XVII). Desde logo, en contra desta hipótese está o feito de que a terminación *-x* é moi escasa en comparación coas outras (á parte de que a maior parte dos documentos nos que o testemuñamos non son galegos), e en época baixomedieval acabou triunfando rotundamente para esa posición, tanto en galego coma en portugués, o *-s* final. Ademais, en galego, ese resultado (*-s* final palatalizado) non existe máis ca a nivel dialectal²². Pola súa parte, Lorenzo pensa que o

o fonema primitivo africado pasou xa na época medieval a fricativo ..., e mesmo no portugués puido chegar a desonorizar en posición final (nos apelidos), co que non quedaba moi lonxe do resultado alveolar primitivo */s/* (Lorenzo 1987: 474-475).

Parece moi aventurado tirar un modelo de pronuncia a partir dunhas poucas graffias, desdeñando a gran maioría delas, para proba-la antigüidade dun fenómeno actual en portugués. Ademais, é doado explicar esta graffía tamén por intención cultista, tendo en conta certas palabras latinas como *lux*, *luc-is*, que tiveron a mesma evolución cá consoante final dos apelidos (*lucem* > *luz*); os escribas podían coñecer este tipo de correspondencias e aplicalas á mesma consoante nos apelidos.

O remate en *-nz* (ou *-nzi*, *-nci*, *-nt* e mesmo *-ns*) que presentan algúns patronímicos non é máis có produto da evolución fonética: proceden todos eles nomes rematados en *-nus* (ou *-nius*): *Avedinz* (de *Abbatinus*), *Adrianzi* (de *Adrianus*), *Flaynz* (de *Flavinus*), *Foinzi* (de *Folinius*), *Gauinz* (de *Gavinus*), *Gontinzi* (de *Gontinus*), *Martinci*, *Martinz* (de *Martinus*), *Romainz* (de *Romanus*), ou de nomes que presentan a flexión *-a(ne)* ou *-o(ne)*: *Atanci*, *Athans* (de *Ata*), *Mironzi* (de *Miro*), *Moninci*, *Moninz*, *Moninzi*, *Monninz*, *Muninz*, *Muninzi*, *Munint* (de *Munnio*), *Tetonz* (de *Tedon*), coa excepción de *Danelci* (de *Daniel*). Aparecen no séc. XI e chegan ata o XIII.

Alvar (1973:136-137) recolle casos similares en aragonés, co mesmo contexto fonético (*Galinz*, *Ferranz*, *Fredelanz*), pero tamén cando a consoante é distinta de *-n-* (*Lopç*, *Azenarz*), fenómeno que interpreta como o resultado da perda da vocal postónica. Os exemplos galegos poden explicarse perfectamente da mesma forma, pero o feito de que isto ocorra case exclusivamente cando a consoante anterior á vocal postónica é *-n-* indúcenos a pensar que a causa pode ser outra: a perda do *-n-* intervocálico latino; estas formas rematadas en *-inz* poderían ser falsas relatinizacións da pronuncia real, onde a desaparición do dito *-n-* deixara nasalizada a vocal anterior²³. A vocal nasal resultante desenvolveríase finalmente ben como vocal + consoante nasal implosiva, ou ben como vocal sen restos da nasalidade²⁴. Así se

²² Rexístrase só esporadicamente nas zonas de seseo predorsal (zonas costeiras da Coruña e metade sur de Pontevedra). Vid. F. Fernández Rei (1982:263-4).

²³ Véxase unha ampla exposición desta cuestión en Lorenzo (1988).

²⁴ Para os resultados actuais en galego das secuencias finais con *-n-*, particularmente *-anu*, *-ana*, véxase F. Fernández Rei (1982:257-296).

explican os resultados actuais, *Martíns / Martís*, a partir dunha forma con nasalidade, *Martüz* (testemuñada en fontes romances), que pola súa vez procede de *Martiniz*²⁵.

2.3.3. Sufixo patronímico -oz

A única forma na que podemos ver este sufixo no noso corpus é *Bitacoz*, documentado en documentos casteláns por Menéndez Pidal / Tovar xa no ano 972 (p. 430) e no 1053 (p. 431), e en 1014 e 1040 por Díez Melcón; a nosa ocorrencia é do XII: *Somoricus Bitacoz* 11.1030 TSamos 198. Interpretámola como procedente do nome masculino *Vita*, co sufixo vasco *-ko*, máis esta terminación patronímica.

Chama en todo caso a atención o feito de non se encontraren máis formas con este sufixo, documentado abondosamente en documentos leoneses, casteláns (especialmente no nome *Munio* → *Munioz*²⁶) e aínda que menos frecuentemente ca en castelán, tamén en portugués (Leite de Vasconcelos 1928:110-111). Da documentación que achega Rivas, son case todos procedentes de fontes portuguesas, asturianas ou leonesas: nas galegas só rexistra *Monnioz* a.982 Celanova, *Munios* a.1484 Ourense p. 377, e *Velascozi* a.950 Verín, *Velasquoz* a.982 Celanova p. 380. Esta escaseza documental medieval é sorprendente, non só pola comparación cos outros ámbitos hispánicos, senón tamén pola relativa abundancia do apelido *Muñoz* na actualidade, xa que, con 2078 ocorrencias, está entre os 250 apelidos galegos máis frecuentes. A explicación, para o caso do galego, pode ser sinxela, sen ter que recorrer a xustificar ningún cambio acentual, dado que non se trata dun sufixo tónico. Cremos que as formas galegas proceden de *Munionis*, amplamente representadas neste período (Boullón 1994:383): o sufixo, logo, nunca deixa de ser átono, e a evolución fonética explícase claramente pola caída do *-n-*. A terminación *-s* do xenitivo acabaría confundíndose coa dos patronímicos, o que explicaría o *-z*.

Non atopamos rastro de *-uz*²⁷ que, se ben en menor medida, tamén está testemuñada nas fontes anteriores. Rivas menciona un escuro *Balduz* a.940 Celanova, que fai proceder do xerm. *Baldo* p. 372, e un aínda máis escuro *Nelebruz* a.1078 Lugo, que «ven de *Nelebron* co sof. *-uz* no senso de ‘pertencente a, da beira de’» (p. 377). Ante datos tan pouco seguros, cremos que é mellor non dalo por atestado

²⁵ Paralelamente ó que ocorreu coas voces de léxico común rematadas en *-ines*: *-ines* > *-ēs* > *-īs*: *finēs* > *fīs* (Lorenzo 1988:294). Para os pasos intermedios da evolución fonética do patronímico de *Martinus*, vid. Leite de Vasconcelos (1928:112). Para os resultados actuais en galego, vid. X. Ferro Ruibal (1992 s.v. *Martiño*).

²⁶ Vid. Pidal / Tovar (1962:427-432), Díez Melcón (1958:196-199), Alvar (1973:137).

²⁷ No noso corpus aparece *Velasco Almeiuz* a.1036 TSamos 100 e *Iohanne Almeuz* a.1113 TSamos 389. *Almeuz* tamén está atestada por Leite de Vasconcelos (1928:111) e Díez Melcón (1958:192, 193). Seguindo a Vasconcelos, que o considera un sufixo, Díez Melcón tira unha forma **Almeius* que non explica. Sen embargo, nós cremos que debe tratarse dun topónimo árabe, a partir de *al-mawz* ‘plátano’ (Calero / Martínez Ruiz 1990:297-316).

2.3.4. Sufixo patronímico *-ides* (*-idis*, *-ide*)

Un último sufixo, *-ides* (ou *-idis*, *-ide*), aparécenos nos seguintes patronímicos: *Atanides* (12.1155 TSobrado II 452), *Creconides* (12.1142 TSobrado II 28), *Suaride* (12.1173 TSobrado II 137), *Suaridis* (12.1173 TSobrado II 139). Menéndez Pidal / Tovar mencionan a forma «enigmática» *Pelagiades* a.1111, a.1131, que lles parece cultismo, igual ca *Petrides* a.1126 (p. 423). Por outra parte, Rivas testemuña bastantes exemplos con este sufixo, case todos de documentos procedentes de Santiago: «de cuño compostelán, xelmiriano, practicamente da ‘Historia Compostelana’»; e todos do finais do XI ou da primeira metade do séc. XII: *Adefonsidis* a.1110, *Aloitide* a.1108, *Anaiades* a.1149, *Astruarides* a.1122, *Cresconides* a.1121, a.1122, *-idis* a.1140, *Didacides* a.1108, *-idis* a.1110, *Exemenides* a.1110, *Estephanidem* a.1127, *Fredenandides* a.1119, *Gelmirides* a.1095, *Gudesteides* a.1111, *Gundesindidem* a.1108... (pp. 381-384). Cre que é un patronímico «de orixe grega, culta» (p. 381). Efectivamente, o sufixo *-ιδης-* expresaba en grego, entre outras, a significación de pertenza ou dependencia:


il a fourni des patronymiques qui ont servi d’amorce aux patronymiques masculins en *-ιδης*: ‘*Ἀτλαντίς* «fille d’Atlas», *Νηρηίδης*; «filles de *Νηρεύς*», *Τανταλίς*; «fille de Tantale», etc... On l’observe aussi dans des noms de peuples (Chantraine 1933:339).

2.3.5. Conclusións


O sufixo patronímico ten fundamentalmente dúas formas: *-az*, se o nome ó que se engade remata en *-a* (fundamentalmente son nomes xermánicos), e *-iz* nos outros casos. Como variantes atopamos *-aci* e *-ici*, formas que recordan o xenitivo de certos nomes moi frecuentes (*Didaci* e os xermánicos rematados en *-ricus*); *-at* e *-it*, que aparecen nos textos galegos con maior abundancia ca nos casteláns ou portugueses. Se facemos unha recapitulación das variantes correspondentes á última consoante do sufixo, comprobamos que a terminación en *-t* é a segunda máis numerosa (despois de *-z*), aumentando proporcionalmente ata o séc. XIII. No séc. XI, sen embargo, está por debaixo de *-zi* e *-ci*, das que apenas queda rastro no XIII. Véxanse as progresións no cadro I²⁸:

A forma *-ez*, a máis moderna, resultado da evolución do *i* átono, dáse con menos frecuencia nos nosos textos (en maior medida nos do século XIII); é aínda máis anecdótica a terminación *-es*, que acabaría imponéndose nos textos romances, e *-ix*, que desaparecería totalmente. Constatamos tamén a presenza de patronímicos foneticamente evolucionados, rematados en *-nz* (ou *-nzi*, *-nci*). Non encontramos a penas testemuños do sufixo *-oz*, frecuente noutras zonas da Península, e ningún de *-uz*. Pola contra, unha forma que practicamente só se testemuña en Galicia é a terminación patronímica *-ides* (ou *-idis*), de orixe grega e inspiración culta. En conxunto, as porcentaxes están indicadas no cadro II.

²⁸ Só incluímo-los séc. X, XI, XII e XIII, xa que resultan moi pouco representativos, por escasos, os do VIII (un só sufixo patronímico, de autenticidade dubidosa, pois procede dunha copia) e IX (5 formas). O cadro está construído sobre porcentaxes, non sobre cifras absolutas.



CADRO II



A forma do sufixo que acabaría triunfando (-z) aparece como a maioritaria desde o principio, dunha maneira moi desproporcionada con respecto ás outras variantes. Nos documentos romances había de se-la única que quedaría, alternando con -s.

FONTES²⁹

- CatDocSantiago = Lucas Alvarez, Manuel (1948): «Catálogo de los documentos en pergamino existentes en el Archivo de la Universidad de Santiago de Compostela. Sección 2ª. Fondo del antiguo monasterio de S. Martín Pinario», *Boletín de la Universidad de Santiago* LI-LII, 97-131. [Contén a rexesta de 58 documentos de 788 a 1199].
- CDCarboeiro = Lucas Alvarez, Manuel (1957/1958): «La colección diplomática del Monasterio de San Lorenzo de Carboeiro», *Compostellanum* II, 4 (1957), 549-573; III, 2 (1958), 228-308; III, 4 (1958), 549-638. [Contén 90 documentos do 788 ó 1500].
- CDXubia = Montero Díaz, Santiago (1935): *La colección diplomática de San Martín de Juvia* [Ferrol], *Boletín de la Universidad de Santiago* 7, 25. [Contén 130 docs. do 977 ó 1199].
- DocSantiago1 = López Ferreiro, Antonio (1899-1911): *Historia de la SAMI de Compostela*. Vol.1. Santiago: Imprenta del Seminario, pp. 42-43. [Reproduce un documento de 898].
- DocSantiago2 = López Alsina, Fernando (1988): *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*. Ayuntamiento de Santiago de Compostela / Centro de Estudios Jacobeos / Museo Nacional de las Peregrinaciones. Santiago de Compostela. [Contén 14 docs. do 937 ó 1075].
- TSamos = Lucas Alvarez, Manuel (1986): *El tumbo de san Julián de Samos (siglos VIII-XII). Estudio introductorio. Edición diplomática. Apéndices e índices*. Publicacións da Caixa Galicia. Santiago. [Contén 249 docs. do 785 ó 1200].
- TSobrado = Loscertales de García Valdeavellano, M. (1976): *Tumbos del monasterio de Sobrado de los Monjes*. 2 vols. Madrid: Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural / Archivo Histórico Nacional. [Contén 541 documentos de 787 a 1252].

BIBLIOGRAFÍA

- Abascal Palazón, Juan Manuel (1994): *Los nombres personales en las inscripciones latinas de Hispania*. Murcia: Universidad de Murcia / Universidad Complutense de Madrid.
- Aebischer, P. (1928): «Essai sur l'onomastique catalane du IX^e siècle», *Anuari de l'Oficina Románica* 1, 43-118.
- Alvar, Manuel (1973): «La formación del apellido en los antiguos documentos aragoneses», en *Estudios sobre el dialecto aragonés*. Zaragoza: Instituto Fernando el Católico, 111-164.

²⁹ Dado que tódalas fontes foron confrontadas cos orixinais e se atoparon bastantes diverxencias cos textos editados, é posible que non tódalas formas que nós testemuñamos estean desa maneira na publicación correspondente. Véxase o detalle da revisión feita en Boullón (1994:19-49).

- Bastardas Parera, J. (1953): *Particularidades sintácticas del latín medieval (Cartularios españoles de los siglos VIII-XI)*. Barcelona: Escuela de Filología.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (1994): *Contribución ó estudio da antroponimia medieval galega (séc. VIII-XIII)*. Tese de Doutoramento. Microficha. Univ. de Santiago.
- Bourin, Monique (1990): «Bilan de l'enquête: de la Picardie au Portugal, l'apparition du système anthroponymique à deux éléments et ses nuances régionales», en Monique Bourin / Bernard Chevalier (eds.): *Genèse médiévale de l'anthroponymie moderne. Études d'anthroponymie médiévale (I^e et II^e rencontres, Azay-le-Ferron)*. Tours: Publications de l'Université de Tours, 233-249.
- Brattö, O. (1958): *Filipe, Henrique e outros nomes próprios em Portugal e Europa (aperfeiçoado por Paiva Boleo)*, Gotemburgo / Lisboa.
- Calero, M. Carmen Palacios / Juan Martínez Ruiz (1990): «Toponimia menor de Almuñécar (1491-1497)», *RFE* 70, 297-316.
- Cerrillo Martín de Cáceres, Enrique (1987): «Onomástica y cambio cultural. Del sistema romano al cristiano», en Manuel Ariza / A. Salvador / A. Viudas (eds.): *Actas del I Congreso Internacional de Historia de la Lengua Española (Cáceres, 30 marzo-4 abril 1987)*, vol. 2, Madrid: Arco, 1661-1668.
- Ciérvide, Ricardo (1970): «Onomástica medieval navarra (Siglos X al XV. Estudio realizado sobre documentos originales)», *Fontes Linguae Vasconum* 2, 269-370.
- Cortesão, A. A. (1903/1912): *Onomástico Medieval Português*, separata do *Archeologo Português*, VIII a XVII. Lisboa: Imprensa Nacional.
- Chantraine, P. (1933): *La formation des noms en grec ancien*. Paris: Klincksieck.
- Díez Melcón, Gonzalo (1957): *Apellidos castellanos-leoneses (siglos IX-XIII, ambos inclusive)*. Granada: Universidad.
- Fernández Rei, Francisco (1982): «Bloques e áreas lingüísticas do galego moderno», *Grial* 77, 257-296.
- Ferro Ruibal, Xesús (dir.) (1992): *Diccionario dos nomes galegos*. Vigo: Ir Indo.
- Floriano, A. G. (1950): «La antroponimia en el registro coriense», en *El libro registro de Corias*. Oviedo: C.S.I.C. 267-360.
- García Leal, Alfonso (1995): «Algunas consideraciones acerca del diploma del rey Silo», en Maurilio Pérez González (coord.): *Actas. I Congreso Nacional de Latín Medieval (León, 1-4 diciembre de 1993)*. León: Universidad, 539-546.
- González Vázquez, Marta / Francisco J. Pérez Rodríguez: «El sistema antropónimo en Galicia. Tumbo del monasterio de Samos. Siglos VIII al XII», en Pascual Martínez Sopena (coord.): *Antroponimia y sociedad. Sistemas de identificación hispano-*

- cristianos en los siglos IX a XIII*. Santiago de Compostela: Universidade / Valladolid: Universidad, 49-72.
- Kajanto, Iiro (1982): *The latin cognomina*. Roma: Giorgio Bretschneider Editore.
- Kajanto, Iiro (1987): «Onomastica romana alle soglie del medioevo», en Dieter Kremer (1990): *Dictionnaire historique des noms de famille romans. Actes du 1^{er} Colloque (Trèves, 10-13 décembre 1987)*. Tübingen: Niemeyer, 59-66.
- Kremer, Dieter (1970): «Germ. -ara(ne) in hispano-gotischen Personennamen», *Beiträge zur Namenforschung* 5, 164-171.
- Kremer, Dieter (1988): «Onomástica e historia de la lengua», en Manuel Ariza / A. Salvador / A. Viudas (eds.): *Actas del I Congreso Internacional de Historia de la Lengua Española (Cáceres, 30 marzo-4 abril 1987)*, vol. 2, Madrid: Arco, 1583-1612.
- Kremer, Dieter (1990): «De antroponimia asturiana y leonesa medieval», *Lletres Asturianes* 36, 7-22.
- Kremer, Dieter (1994): «Galegisch Interne Sprachgeschichte III. Onomastik» en G. Holtus, M. Metzeltin e Ch. Schmit (ed.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik*, VI.2. Tübingen: Max Niemayer, 34-46.
- Lorenzo, Ramón (1987): «Algunhas consideracións sobre a *História do galego-portugués* de Clarinda Azevedo de Maia», *Verba* 14, 441-488.
- Lorenzo, Ramón (1988): «Consideracións sobre as vocais nasais e o ditongo -ão en portugués», en Dieter Kremer (ed.): *Homenagem a Joseph M. Piel por ocasião do seu 85º aniversário*. Tübingen: Niemeyer, Instituto da Cultura e Língua Portuguesa / Consello da Cultura Galega, 1988, 289-326.
- Maia, Clarinda de Azevedo (1986): *História do galego-português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XII ao século XVI (com referência à situação do galego moderno)*, Coimbra: I.N.I.C.
- Martínez Salazar, Andrés (1901-1903): «Los documentos más antiguos de España?», *Galicia Histórica* I, 784-799.
- Martínez Sopena, Pascual (coord.): *Antroponimia y sociedad. Sistemas de identificación hispano-cristianos en los siglos IX a XIII*. Santiago de Compostela: Universidade / Valladolid: Universidad.
- Menéndez Pidal, Ramón (1976): *Cantar de Mio Cid. Texto, Gramática y Vocabulario*, vol. I., Madrid: Espasa-Calpe.
- Menéndez Pidal, Ramón (1986¹⁰): *Orígenes del español. Estado lingüístico de la Península Ibérica hasta el siglo XI*. Madrid: Espasa-Calpe.
- Menéndez Pidal, Ramón / Antonio Tovar (1962): «Los sufijos españoles en -z y especialmente los patronímicos», *Boletín de la Real Academia Española* 42, 371-460.

- Meyer-Lübke, Wilhelm (1917): *Romanische Namenstudien. II. Weiter Beiträge zur Kenntnis der altportugiesischen Namen*. Wien.
- Michelena, Luis (1957): «El genitivo en la onomástica medieval», *Emerita* 25, 134-148.
- Michelena, Luis (1969): «Notas sobre los nombres de persona en la Navarra medieval», *Fontes Linguae Vasconum* 1, 1-59.
- Moreu-Rey, Enric (1991): «L'antroponímia dels segles X i XI», en *Antroponímia. Història dels nostres prenomes, cognoms i renoms*. Barcelona: Universitat, pp. 47-77.
- Navaza, Gonzalo (1991): «O nome Paio», *Cadernos da Lingua* 3, 25-36.
- Portela, Ermelindo / M. Carmen Pallares (1995): «El sistema antroponímico en Galicia. Tumbos del monasterio de Sobrado. Siglos IX al XIII», en Pascual Martínez Sopena (coord.): *Antroponimia y sociedad. Sistemas de identificación hispano-cristianos en los siglos IX a XIII*. Sanitago de Compostela: Universidade / Valladolid: Universidad, 21-48.
- Pérez González, Maurilio (1985): *El latín de la cancillería castellana (1158-1214)*, Salamanca / León: Universidad.
- Piel, Joseph M. (1947): «Nomes de 'possessores' latino-cristãos na toponímia asturo-galego-portuguesa», *Biblos* 23, 143-202, 283-407.
- Piel, Joseph M. (1962/63): «Sobre os apelidos portugueses do tipo patronímico em -ici > -es (Rodrigues)», *Boletim de Filologia* 21, 3/4, 167-175.
- Piel, Joseph M. / Dieter Kremer (1976): *Hispano-gotisches Namenbuch. Der Niederschlag des Westgotischen in den alten und heutigen Personen- und Ortsnamen der Iberischen Halbinsel*. Heidelberg: Carl Winter.
- Rivas Quintas, Elixio (1991): *Onomástica persoal do Noroeste Hispánico*, Lugo: Alvarellos.
- Vasconcelos, José Leite de (1928): *Antroponimia Portuguesa*. Lisboa: Imprensa Nacional.
- Veiga Arias, Amable (1989): «Patronímicos en -z y otros estudios de onomástica gallega», *Verba* 16, 5-30.